XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP Emilia Pardo Bazán

Travesía Los Rosales, s/n
15011 – A CORUÑA
Tfno. / Fax: 981 276 781https://elpais.com/
Web: http://www.edu.xunta.es/centros/ceipemiliapardobazancoruna/
Revista electrónica: http://ejournal.eduprojects.net/CEIPpardobazan/
Correo electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es

# ELECCIÓN DE REPRESENTANTES

# DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

# CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 25 de setembro de 2018, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 8 de outubro de 2018), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PROFESORES, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 mestres, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros 3 representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016.

2.- O censo electoral de mestres está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14'00 horas do día 16 de novembro.

4.- A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

5.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de UN nome da lista de candidatos.

6.- O voto será directo, secreto e non delegable.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP Emilia Pardo Bazán

Travesía Los Rosales, s/n
15011 – A CORUÑA
Tfno. / Fax: 981 276 781https://elpais.com/
Web: http://www.edu.xunta.es/centros/ceipemiliapardobazancoruna/
Revista electrónica: http://ejournal.eduprojects.net/CEIPpardobazan/
Correo electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores, a tales efectos, para o día 19 de novembro, ás 18:10 horas.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 5 de novembro de 2018

O DIRECTOR DO CENTRO

E PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo. José Manuel García Yanes